



Contrato de servizos
Procedemento aberto
Tramitación ordinaria

<i>Documento</i> CON14I1UD	<i>Expediente</i> CON/5/2020	<i>Data Creación:</i> 02-07-20 13:25
-------------------------------	---------------------------------	---

ACTA DA 5ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Revisión do Plan de Mobilidade Urbana Sostible (PMUS). Actuacións incluídas no Programa EDUSI 2017-25, cofinanciado polo Concello de Santiago e os fondos FEDER.

TIPO DE LICITACIÓN: 165.289,26 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto.

LUGAR, DATA E HORA: Videoconferencia, plataforma ZOOM, 29 de xaneiro de 2021, ás 8.45 horas.

ASISTENTES:

Presidenta: Gonzalo Muíños Sánchez, concelleiro delegado de mobilidade.

Vogais: Ana Gago Fernández, viceinterventora municipal.
Iñaki Bilbao Castro, letrado da Asesoría Xurídica municipal.

Secretario: Román Otero Ferreiro, xefe de sección de Contratación.

A mesa de contratación, contando coa presenza do técnico redactor Henrique Seoane Prado, xefe do servizo de Planeamento e Xestión, procede ao exame do informe de convalidación da valoración realizada pola empresa consultora LAGARES da documentación xustificativa dos criterios dependentes dun xuízo de valor. Unha vez reformulado este informe, seguindo os criterios fixados na última reunión desta mesa, e concluíndo que se mantén a puntuación outorgada polo xefe de servizo de planeamento no seu informe inicial de valoración parcial destes criterios, engadindo agora a puntuación outorgada pola consultora para os restantes, e contando ambos informes co voto favorable de todos os membros da mesa en canto ao seu contido e conclusións, considérase definitivamente aprobada a valoración total recollida no informe presentado no día de hoxe e pechada esta fase do procedemento.

En consecuencia, a continuación, dando acceso as persoas interesadas en asistir, lévase a cabo á apertura pública dos arquivos electrónicos que conteñen a documentación xustificativa dos criterios de adxudicación avaliados mediante fórmulas, que ten como resultado o seguinte:

Nº DE ORDE	NOME DO LICITADOR	PREZO OFERTADO (euros IVE excluído)
1	UTE EPTISA - VECTIO	119.008,27
2	UTE DOYMO ICEACSA	122.314,05
3	UTE TEMA -IPLAN PMUS SANTIAGO	122.314,05
4	UTE TERRAVANZA - MULTICRITERI - MCRIT	118.181,82

Rematada a apertura dos arquivos, a mesa acorda o traslado da documentación aos técnicos municipais para os efectos de realizar os cálculos das puntuacións correspondentes a cada licitador ao respecto da súa oferta económica e do equipo técnico asociado ao proxecto, así como a puntuación final acadada por cada un deles en todo o proceso.

Ás 9.15 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
O PRESIDENTE DA MESA**

O SECRETARIO DA MESA